

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de Lei, para o seu debate en **Pleno**, relativa a **instar ao goberno do Estado a que suprima os transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras e a que cese a persecución policial á que están sometidas.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 17 de decembro de 2014, un día antes da conmemoración do ***Día Mundial das Migracións***, Alternativa Galega de Esquerda rexistraba unha proposición non de lei solicitando que o executivo galego instase ao goberno do Estado a que suprimise os transportes aéreos ou terrestres que se empregaba para deportar persoas migrantes, así como reclamabamos que cesase a persecución policial á que someten ás persoas migrantes co fin de encher os voos de deportación.

Igualmente, advertíamos da necesidade de que se pechen eses pequenos “Guantánamos” en que se converteron os Centros de Internamento para Persoas Estranxeiras (CIE's), auténticos campos de concentración, onde se vulneran dereitos humanos e de cidadanía de persoas cuxo único delicto -para o Goberno- é atoparse nunha situación administrativa irregular, en moitos casos sobrevida nestes tempos de crise-estafa e austericidio.

A resposta da voceira do grupo maioritario, e que sustenta estas prácticas que violan os Dereitos Humanos máis elementais, representou o cumio da indiferenza cara ao sufrimento indiscriminado que se infrinxe a ditas persoas, chegando, mesmo, a poñer en dúbida a existencia real destes voos.

O certo é que estes voos existen e esixen dunha sociedade que se autodefine como democrática que ditas viaxes de deportación finalicen xa. Somos sabedores de que o contexto normativo emanado da dereita que goberna o Estado é regresivo e atenta contra as normas da convivencia e da hospitalidade e impuxo, a través da **Lei Mordaza**, a *Lei Orgánica sobre protección da seguridade cidadá*, unha disposición adicional décima que dá rango de lei á “devolución en quente”, o cal vulnera todos os tratados internacionais de protección dos dereitos das persoas migrantes.

Considerando que os voos de deportación seguen existindo, e que implican, nos días previos, controis e redadas racistas selectivas. Considerando a probada existencia de persecución policial racista inadmisíbel en democracia só para cubrir as prazas dos voos de deportación previstos e que se producen identificacións racistas en espazos públicos de uso habitual como estacións, centros de saúde, etc., enfatizamos de novo a necesidade de que se poña fin a todas estas prácticas, inadmisíbeis, repetimos, en democracia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda propón para o seu debate en Pleno a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Asumir as súas responsabilidades constitucionais e estatutarias e garantir os dereitos de cidadanía das persoas migrantes en Galicia.**
- 2) Garantir o cese da violencia institucional e policial en Galicia.**
- 3) Esixir ao goberno do Estado a que suprima os transportes aéreos ou terrestres de**

deportación forzada de persoas estranxeiras e que peche os Centros de Internamento de Estranxeiros.

4) Reclamar ao goberno do Estado que os seus representantes en Galicia cesen todo tipo de persecución policial e que non poñan en marcha procedementos policiais destinados a cubrir as prazas de ditos voos.

5) Esixir ao goberno do Estado a derogación da actual Lei de Estranxeiría.

6) Iniciar un proceso de diálogo cos representantes do Estado en Galicia e cos axentes sociais implicados na defensa dos Dereitos Humanos das Persoas Migrantes en Galicia para establecer protocolos claros de actuación que:

- a) cursen de forma prioritaria na defensa dos intereses da persoa migrante;**
- b) garantan os seus dereitos de cidadanía;**
- c) establezan mecanismos de garantía procesal para que a deportación sexa substituída por outro tipo de sanción administrativa;**
- d) implementar medidas que simplifiquen, clarifiquen e garantan a renovación da documentación para que as persoas migrantes non caian na irregularidade administrativa sobrevida;**
- e) establecer mecanismos para a regularización ordinaria e poña fin á situación de explotación laboral**

Compostela, 5 de xuño de 2015

Asdo Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 05/06/2015 12:36:57

Ramón Vázquez Díaz na data 05/06/2015 12:37:01

Jose Javier Ron Fernandez na data 05/06/2015 12:37:06